

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 2 DE ABRIL DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de abril de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador das Actas da sesións anteriores, que foron as celebradas o pasado 26 e 29 de Marzo do dous mil sete (Ordinaria e Extraordinaria respectivamente).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de

apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: 04/12/2006/5569-OM/9.

A SHEILA TIZON CHAO E ALFREDO J. SOTELO FILGUEIRA, con domicilio na estrada do Carballiño nº 28, San Cristovo, para levar a cabo as obras de construción dunha vivenda unifamiliar nun inmovible sito no Camiño do Muiño, San Cristovo (Ref. Catastral núm. 14.44.2-36) segundo o proxecto modificado do básico e de execución do arquitecto Dona Maria Pilar García Alboreda, con visado de data 28 de febreiro de 2007.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Construción de vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 95.427 euros.

Situación e emprazamento das obras: Camiño do Muiño (San Cristovo)..

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Dona Maria Pilar García Alboreda.

Nome ou razón social do promotor: Sheila Tizón Chao e Alfredo J. Sotelo Filgueira.

Prazos: Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

°Liquidación ICIO: Tendo en conta que con data 04.12..07, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 2.397,20 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 95.427 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalación e obras, por importe de 83,9 euros.

Outras condicións: Consta Proxecto Básico redactado pola Arquitecta Dona Maria Pilar Garcia Alboreda. Constan condicións para o abastecemento e saneamento da

Empresa Municipal de Augas, de data 16/02/07. As redes situaranse no eixe do camiño e os cambios de traxectoria en saneamento, resolveranse mediante pozo de rexistro.

Reporanse os pavimentos unha vez rematadas as redes de enlace.

Previo ao inicio das obras, teranse que aportar: Formalización de Encargo de Dirección de Aparellador e proceder ao tiro de cordas da alienación frontal, levantándose a correspondente acta subscripta por algún de los membros da Dirección Técnica. Aportase o correspondente Estudio Básico de Seguridade e Saúde.

Completarase a pavimentación actual do camiño unha vez retranqueado o cerre á posición regulamentada.

Depositarase unha fianza de 600,00 € para responder ás obras e traballos a realizar en terreos de dominio público.

Unha vez finalizadas as obras según o Proxecto de Execución, solicitarase a correspondente licenza de Primeira Ocupación”.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

Vista a solicitude de **Dona Celina Alonso González**, con domicilio na rúa Carballiño nº 7, 2º, na que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na rúa San Francisco núm. 20 (12) (Ref. Catastral 1025604NG7802N0001IB), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 26.03.06, que literalmente di:

“Dado que a citada edificación sitúase dentro da ZONA DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO, resulta de aplicación o *Título XII.- Zona de Protección* das Ordenanzas Reguladoras do P.E.R.I.:

* *Artigo 89.- Condición s de altura.*

De acordo có previsto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Ámbito Municipal e coa Análise das Cuencas Visuais do Polígono de Percepción, en toda a zona delimitada como de respecto ningunha nova edificación poderá exceder das tres plantas (B+2) en ningún punto sobre a rasante natural do terreo.

Coas excepción s derivadas da realidade consolidada, que implica que non quedarán fora de ordenación os edificios existentes. A revisión das NN.SS. de Planeamento municipal deberá establecer de forma pormenorizada o tratamento urbanístico da Zona delimitada como de respecto.

* *Artigo 90.- Condición s de estética.*

Serán as mesmas cas establecidas para o Conxunto Histórico polas presentes ordenanzas.

Respecto das Normas Subsidiarias Municipais, é de aplicación a Ordenanza RC: Residencial Cerrada, coas limitación s da Ordenanza CU: Conxunto urbano en conservación parcial de carácter, dado que se sitúa dentro da Zona de Protección do Casco Histórico.

* **CONDICIÓN S DE USO:**

- *Usos admitidos, segundo apartado 4.8.3.1 das NNSS:*

Residencial: vivenda agrupada

Industria e Almacén: Talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatibles ou convivientes coa vivenda.

Comercial: Comercio de calquera clase. Todos os grados.

Dotacional: Calquera clase, de 1º grado asimilable á ordenación cerrada.

*** CONDICIÓN DE POSICIÓN:**

- Aliñacións e rasantes, segundo apartado 4.8.4.1 das NNSS: “as de planeamento”, refrexadas na documentación gráfica.

*** CONDICIÓN DE PARCELACIÓN:**

- Condición de parcelación, segundo apartado 4.8.4.2 das NNSS: Sin limitación en razón al parcelario.

*** CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN:**

- Condición de altura, deberá cumprirse o artigo 89 das Ordenanzas do P.E.R.I., citado anteriormente: B+2P, que segundo o artigo 42. Alturas das nomeadas ordenanzas, será como máximo de 10,00 m. medidos por debaixo do forxado e no punto medio cada 12,00 m.

- Condición de altura de plantas, deberá cumprirse o artigo 43 das Ordenanzas do P.E.R.I.:

Planta baixa dedicada a vivenda: 3 m.

Planta baixa non dedicada a vivenda: 3,50 m. libres cun mínimo de 3,00 m.

Na planta de vivenda a altura máxima será de 3,00 m. libres e a mínima de 2,50 m..

- Fondo de edificación, deberá cumprirse o apartado 4.8.4.3 das NNSS:

O fondo máximo para calquera altura será de 15 m.

- Artigo 44 das Ordenanzas do P.E.R.I. Aproveitamento baixo cuberta:

Considéranse habitables tódolos aqueles espazos que alcancen a altura de 1,50 m.

Como iluminación e ventilación permítense ventás en cuberta. As ventás e lucernarios de cuberta colocaranse coa mesma inclinación do plano de cuberta.

Prohíbese a construción de bufardas por non ser elementos representativos da tipoloxía. Soamente autorízanse as existentes e orixinarias da edificación.

- Artigo 34 das Ordenanzas do P.E.R.I. Cubertas:

Manterase a inclinación das cubertas orixinais, para o caso de substitución. En obra nova realizarase cunha pendente entre os 20 e os 30 graos. A altura máxima de cumio sobre o último forxado será de 3,50 m. Serán sempre a dúas augas e con faldóns paralelos a fachada salvo edificacións en esquina que serán a catro augas. Quedan expresamente prohibidas as azoteas (excepto as orixinarias da edificación) e os cambios de pendente.

- Artigo 29 das Ordenanzas do P.E.R.I. Elementos saíntes e de coroación de fachadas: aleiros, cornixas e petos.

Non se admitirá a prolongación da forxados fora do plano da fachada.

Os remates de fachadas executaranse mediante aleiros e cornixas, salvo casos excepcionais cando se xustifique por adaptación da nova edificación a seus colindantes, para súa configuración interpretaranse ou repetirán solucións tradicionais, non podendo formarse o aleiro ou cornixa, en ningún caso, mediante o voo do forxado da última planta en todo seu espesor.

O voo dos aleiros non superará a lonxitude máxima de 40 cm.

Admitiranse solucións tradicionais con aleiro e balcón corrido na última planta co plano de fachada lixeiramente recuado ata alcanzar unha profundidade máxima de 1 m. entre o borde exterior do aleiro e a cara exterior do paramento de pechamento.

As impostas, molduras e cornixas poderán realizarse en pedra e outros materiais admitidos na composición da fachada, definindo unha molduración que posibilite a diminución do seu canto, de tal forma que no seu extremo non sexa superior a 15 cm., sobre o plano de fachadas.

Non se autoriza a coroación de fachadas mediante antepeitos ou petos.

*** CONDICIÓN ESTÉTICAS:**

Deberá cumprirse o esixido no Título VII. Condicións estéticas das Ordenanzas do P.E.R.I.

Así mesmo deberán cumprirse as Condicións esixidas en toda aquela normativa de obrigado cumprimento.”

Vista a solicitude de **Dona Elisa Fernández Vázquez**, Presidenta da Asociación de Veciños A Quinzana, con domicilio na Quinzana, na que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na Quinzana (Ref.. Catastral Polígono 15, Parcelas 942 e 943), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 30.03.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espazo natural Ribeiras do Miño, espazo nº 15 área 2. Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

1. Segundo os datos que facilita D^a Elisa Fernández Vázquez, as parcelas 942 e 943, califícanse según as NNSSM, como SOLO RÚSTICO (SNU), Art. 31 e seguintes da LOUGA.

a. Na categoría que se establece no Art. 32-2.d)
“Solo Rústico de Protección das Augas”.

Ambas parcelas, encóntranse en terreos que ciclicamente, son inundables.

2. O procedemento para o outorgamento de “autorizacións”, establece no Art. 41 da LOUGA, “Procedemento para o outorgamento de autorización en solo rústico”.
3. Axúntase co presente informe:

- a. Planos Tipos de Suelo, E 1: 10.000, NNSSM.
- b. Plano Catastral.
- c. Art. 31 e seguintes da LOUGA.”

Vista a solicitude de **Dona Maria Vázquez Fernández**, Vocal da Asociación de Veciños A Quinzana, con domicilio na Quinza, na que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na Quinza (Ref.. Catastral Polígono 15, Parcelas 942 e 943), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 30.03.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

1. A valoración dun terreo na súa aptitude para o seu uso, según o previsto na LOUGA será según se establece no seu Art. 41 e concorrentes.
2. Axúntase co presente informe copia do Art. 41 da LOUGA. “

DEVOLUCION DE AVAL.-

Visto o escrito da empresa **Extraco S.A.**, empresa adxudicataria da obra denominada “Urbanización da Praza Maior do Concello de Ribadavia”, con domicilio no Camiño da Cima núm. 24, 1º, Ourense, no que solicita a devolución da fianza definitiva da devandita obra, por importe de 11.099,17 euros, a Xunta de Goberno Local, vista a documentación obrante no expediente e transcurrido o prazo de garantía establecido, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Deputacion Provincial de Ourense, comunicando altas no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

-“ Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a empresa Aqualia G.I.A. S.A., para a LXIV Edición da Feira do Viño do Ribeiro”.

-“Acta de Cesión en propiedade de material Sapruga Propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia a prol do Concello de Ribadavia”.

- “Da Confederación Hidrográfica do Norte, expediente de autorización para construción de dous observatorios ornitolóxicos na zona da policía do marxen dereito do río Miño (Embalse de Castrelo) en Ventosela, a petición da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.”

-“Do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2, comunicando Sentencia e remitindo expte. administrativo relativo o recurso contencioso-administrativo Ordinario núm. 270/06-C”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE ANTICIPO.-

“Vista a Estipulación Terceira do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo o Concello de Ribadavia en materia de actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, asinado con data 13-03-07, no que contempla a posibilidade do anticipo do 50% do importe do Convenio previa solicitude do Concello, a Xunta de Goberno por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar da Consellería de Vivenda e Solo o anticipo do 50 % dos fondos previstos a financiar no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia en materia de actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia-

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo a Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda da Xunta de Galicia”.

CONCERTACION DE PRESTAMO.-

Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de préstamo para investimentos de acordo co plano de investimentos e achado conforme, e vista o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, de conformidade coa cláusula 11 do Prego de Condicións no que se establece a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación e visto o dictame favorable da Comisión Informativa de Facenda de data 2 de abril de 2007, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta da Mesa de Contratación obrante no expediente, por unanimidade acorda o seguinte:

A C O R D O

PRIMEIRO.- Concertar coa Entidade Financiera : Caixanova., un crédito para financiar investimentos por importe de 237.729,40 euros, coas seguintes características:

PRESTAMO.-Importe: 237.729,40 euros.- Prazo da operación: 17 anos.- Carencia: 2 anos.- Tipo de interese variable: Euribor a 1 ano mais 0,19%.- Bandas: 0,00% ata 6,00%- Comisións: Exentas.- Liquidación de intereses: trimestrais.-

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para que aprobe o proxecto de contrato de préstamo e asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo".

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.